



bre todo, o teu twitter. Ti decides con que frecuencia queres publicar, que tipo de publicacións compartir e como e con quen interactuar. Ti decides que tipo de usuario queres ser. Dos que propoñen ou dos que dispoñen. Dos que achegan ou dos que apartan. Coma a vida mesma, vaia.

A pesar de que a maioría de contas non responden a un obxectivo profesional concreto, gran cantidade delas están ben delineadas. Un/ha pode atopar contas que falan de videoxogos, comida saudábel ou cinema. *Para gustos, cores.* E tamén, como non, recoñécese un *Twitter docente* composto por profesionais que estamos convencidos/as das vantaxes que supón utilizar Twitter para mellorar a nosa docencia. Un *#claustrvirtual* formado por un exército de docentes, divulgadores/as e científicos/as dispostos a compartir as súas propostas para recibir, a cambio, un *feedback* inigualábel. E, de paso, inspirar e axudar ao resto de compañeiros/as. De feito, aínda que dispoñas de materiais máis que suficientes para introducir calquera tema, non dubides de que o *#claustrvirtual*, *chíos na man*, pode proporcionarche mil ideas máis (ver,

por exemplo, unha recompilación de fíos matemáticos en Mulero, 2018). Ademais, teñamos en conta que estas publicacións adoitan ser recollidas nas webs ou blogues dos seus autores/as (no meu caso, Mulero, 2019).

Porén, para alén da nosa aprendizaxe persoal, *que hai do uso de Twitter cos nosos alumnos e alumnas?*

En PRIMEIRO LUGAR, Twitter pode servir para potenciar o *espírito crítico e reflexivo*. Non en balde, coma se dun aviario ruidoso se tratase, o complicado é recoñecer aquelas aves que motivan e inspiran. Non se trata de deixalos en soidade, senón de acompañalos no seu periplo. A tal fin, podemos facer uso dun *#hashtag* para recomendar lecturas, recursos e actividades. Se, ademais, lles propoñemos que o utilicen eles/as mesmos para facernos chegar aquelas publicacións que consideran relevantes para un tema concreto, reuniremos información sobre a *súa percepción da materia e o tempo dedicado á rede*. Trátase de dotalos de ferramentas para que fagan un uso responsable concienciándoos das súas vantaxes e inconvenientes.

En SEGUNDO LUGAR, Twitter pode axudar a desenvolver a capacidade de expresión escrita e visual e as súas habilidades para a interacción con todo tipo de individuos. Neste sentido, podemos propoñerlles confeccionar uns *chíos* sobre algún tema concreto (imaxes ou animacións incluídas). Facer isto de 280 en 280 caracteres non é trivial e incidiría na súa habilidade para a selección de contido, a capacidade de síntese e a claridade da exposición. Se lles facemos algunha pregunta, mesmo poderemos valorar o seu código de conduta no mundo virtual (ver <https://www.netiquetate.com/>). Trátase de promover a súa creatividade sensibilizándoos da importancia sobre o que se di, canto se di e como se di.

Ninguén dubida de que o que ocorre dentro da aula é indispensable no proceso de ensino-aprendizaxe, pero todo continúa fóra dela. Hoxe, máis que nunca, os nosos alumnos/as necesitan orientación para xestionar o seu voo nun mundo (por momentos) abafante. Twitter é ideal para acompañalos ao exterior e continuar o noso labor. Un labor que, desde este punto de vista, habita na fronteira entre a docencia e a divulgación. E non esquezamos, para máis inri, que asomarse ao país da divulgación é a mellor maneira de espertar vocacións nos nosos estudantes. *A ceo aberto é o mellor lugar para soñar.* ■

REFERENCIAS

- MULERO, J. [@juliomulero]. (25 de setembro de 2018). *No quisiera perder el hilo... así que aquí los tengo todos.* [Tweet]. Twitter.
<https://twitter.com/juliomulero/status/1044551367887671296?s=20>
- MULERO, J. (18 de enero de 2019). *El Último Verso de Fermat.*
<https://elultimoversodefermat.wordpress.com/>